

## Bases do concurso:

**1. Tema:** As matemáticas. Debe estar relacionado co mundo das matemáticas nas súas posibles manifestacións (simetrías, formas xeométricas, mosaicos, números...).

**2. Participación:** Poderá participar o alumnado de todos os cursos, pero de xeito individual. Permítese un máximo de dúas fotos por persoa.

### 3. Presentación:

-As fotografías entregaranse impresas en papel fotográfico cun tamaño mínimo de 10x15, pegadas nunha cartolina de tamaño folio. Non serán devoltas.

-Na parte superior irá o título, despois a foto e na parte inferior unha descrición ou comentario. Na parte posterior da cartolina deben estar anotados os datos do alumno/a (nome, apelidos e curso).



-As fotografías deben ser orixinais, en ningún caso serán aceptadas aquelas que fosen descargadas de internet nin dixitalizadas de ningún medio gráfico. Non se aceptará tampouco ningún tipo de edición ou retoque fotográfico.

-Aqueles fotos que non vaian acompañadas dun título relacionado co contido matemático e co comentario correspondente, serán tamén descartadas.

-A fotografía deberá entregarse a algún profesor/a do departamento de matemáticas.

### 4. Xurado:

-Estará formado polo profesorado do Departamento de Matemáticas. Este poderá comprobar a autoría das fotos premiadas esixindo ao alumno/a que a demostre.

-Valorarase a orixinalidade e idoneidade do título, a calidade da imaxe, o seu contido matemático e a descrición da fotografía.

**5. Uso das imaxes:** O departamento resérvase o dereito a utilizar as imaxes para usos didácticos. As fotos premiadas serán publicadas na páxina web do instituto.

### 6. Categorías :

- Habrá tres categorías: unha para 1º e 2º da ESO, outra para 3º e 4º da ESO e outra para Bacharelato e ciclo.
- Serán premiados tres estudantes por categoría.

**7. Premios:** O alumnado participante poderá obter un máximo de 0,5 puntos no terceiro trimestre da materia en función da presentación da fotografía presentada. Os agasallos para os gañadores/as serán:


- Primeiro premio: cámara de acción.
- Segundo premio: libro matemático e un vale para a cafetería.
- Terceiro premio: vale para a cafetería.

**8. Prazo de entrega:** O prazo de entrega remata o 30 de abril.

ORGANIZA: Departamento de Matemáticas do IES O Carril. Curso 2021/2022.

## CONCURSO DE FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA

AS MATEMÁTICAS  
EN XOGO



AMENCER CON RECTAS VIAXEIRAS



ENTRE RECTAS PARALELAS



A AUGA "REFLECTIVA"



ASÍ O VEXO EU



RAÍZ CADRADA

